

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### CULLEREDO

#### Secretaría Xeral

*Regulamento do local de ensaio/gravación do Concello*

#### ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de agosto de 2011, aprobou inicialmente o Regulamento do Local de Ensaio/gravación Municipal. Transcorridos os prazos sinalados nos artigos 49 b) e 65.2 da vixente Lei 7/85, sen presentarse alegación ou requerimento algúin, enténdese definitivamente aprobado o texto que se publica como Anexo e que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art. 70.2 da vixente Lei 7/85, do 2 de abrir, reguladora das Bases do Régime Local.

#### A N E X O

#### **Regulamento do local de ensaio/gravación municipal do Concello de Culleredo**

##### **Artigo 1. Obxecto.**

As presentes normas teñen por obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material do local de ensaio municipal, que se ubica no centro “A Garrocha” en Tarrio .

Obxectivos :

- Contribuír a unha formación musical e técnica dos grupos que fan uso deste equipamento,mediante accións formativas relacionadas coa música
- Organizar eventos que sirvan para fortalecer entre a xuventude a conciencia do seu, a colaboración e a difusión entre a ciudadanía dos aspectos positivos da cultura musical xuvenil
- Fomentar a práctica musical dos moz@s de Culleredo dotándoos dos recursos profesionais e técnico necesarios.

##### **Artigo 2. Horarios**

Os grupos poderán dispoñer do local de ensaio ata un máximo de 6 horas á semana, tendo en conta as solicitudes e os horarios disponibeis:

- de luns a venres  
16:00 a 22:00 horas
- sábados  
11:00 a 14:00 h
- 16:00 a 22:00 h

##### **Artigo 3. Local e Materiais**

O local esta distribuídos en dúas salas:

- unha local de ensaio
- e outra como sala de gravación

O Equipamento da sala de ensaio :

- 2 Altavoces de voz (speaker)
- 1 mesa de mezcla
- 1 amplificador de guitarra acústica
- 1 amplificador de baixo ( pantalla e cabezal)
- 1 amplificador de guitarra peavey VK100 (pantalla e cabezal)
- 1 amplificador de baixo combo
- 1 Amplificador de guitarra combo
- 1 Pedalera

- 1 bateria
- 1 caixa
- 3 Toms
- 3 platillos sabían xs 20 de 16", 20" y 14")
- 1 Bombo
- 1 pedal bombo simple
- 1 pedal doble
- 1 charles
- 1 Crash
- 1 ride
- 1 cencerro
- 1 tubulares
- 1 sillin
- 3 micros
- 3 pies de micro

#### **Artigo 4 . Presentación de solicitudes**

Poderán presentar solicitudes para o uso do citado local, aqueles mozos e mozas que, representen un grupo musical, no cal polo menos un 60% dos membros estean empadroados en Culleredo.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral Municipal.

#### **Artigo 5 . Valoración das solicitudes e criterios de autorización de uso**

1. Terán prioridade as solicitudes de reserva segundo o numero de integrantes do grupo empadroados en Culleredo.
2. E indispensable aportar un curriculum do grupo , xa que só poderán solicitar o espazo aqueles que no sexan principiantes na materia.
3. Terán preferencia para o uso do local de ensaio os grupos que a media de idade no sexa superior a 30 anos. Os grupos integrados por persoas de mais de 30 anos deberan adaptarse os horarios que queden libres.
4. O representante do grupo, así coma o suplente, deberá estar sempre en posesión dunha autorización na que figurará:
  - Nome e apelidos
  - DNI
  - Enderezo
  - Localidade
  - Nome do grupo e o nome de todos os membros/as que o componen
  - Os días e horas nos que están autorizados a usar o local de ensaio
5. Periodicamente revisaranse os horarios e, de ser necesario, faranse unha modificación do calendario e horarios dos grupos en función de novas solicitudes.
6. Nas solicitudes de acceso á sala de gravación por parte dos grupos, deberá contarse cun técnico de son que é o único que pode manipular o equipamento da sala de gravación. Este técnico/a de son , deberá acreditarlo documentalmente a súa capacitación. No caso de non dispoñer del será o Concello quen designará un.
7. As solicitudes para a utilización da sala de gravación deberán ser presentadas cunha antelación mínima de 15 días con respecto á data solicitada, para garantir unha programación axeitada do uso do local.
8. Unha vez presentadas as solicitudes e a documentación requirida, unha comisión de valoración composta por tres membros como mínimo, designados polo/a concelleiro/a da area, o/a cal emitirá a proposta correspondente.

#### **Artigo 6. Procedemento para o acceso ás instalacións**

1. Para poder utilizar o local de ensaio, o representante do grupo deberá presentar o documento de autorización ao que se refire o apartado 4 do artigo anterior ante o responsable do concello e este rexistrará a súa hora de entrada e de saída nun parte de asistencia.

2. As incidencias que se detecten no local- mal funcionamento do aparellos, roturas ou desaparición de materiais, sucidece , descordos etc.. deberan ser descritas nun parte de incidencias que se fará chegar a responsable do Concello. Esta deixará constancia por escrito do sucedido e remitirá dita información o xefe de servizo e o/a concelleiro/a delegado/a da Area.
3. No local de ensaio, e en lugar visible a Casa da Xuventude colocará as normas de uso e autorización, os horarios de ocupación das salas, os partes de incidencias e o libro de rexistro de asistencias.
4. Os grupos deixarán o local de ensaio na mesmas condicións de limpeza na que o atoparon.

#### **Artigo 7. Obrigas dos/as solicitantes**

1. Respetar os días e horas que se lle marcaron para ensaiar:

- Antes do inicio e o remate de cada sesión de ensaio o representante do grupo comprobará o estado do local e do material, reflexando calquera incidencia no libro de rexistro de incidencias .
- No caso de faltar catro veces consecutivas ao mes, a ensaiar ou seis veces trimestrais sen xustificación, procederse a baixa do grupo no local de ensaio perdendo o dereito a utilización da sala e do material .
- Só poderán acceder o local de ensaio as persoas autorizadas e os membros dos grupos. Queda prohibido o acceso ás persoas alleas excepto previa autorización .

2. Boas prácticas no uso das instalacións e do material:

O representante do grupo é o responsable de comunicar ao persoal do Concello todas as deficiencias, desperfectos e demais incidencias que se poidan atopar o acceder o local de ensaio.

Queda prohibido sacar material do local de ensaio así como trasladalo a outra sala .

Cada vez que o grupo termine de ensaiar, debe recoller todo o material e deixar a sala nas mesmas condicións nas que a encontrou.

No caso de producirse danos por negligencia ou mala fé no local ou no seu contido, o grupo responsable deberá reponer integralmente todo o material danado ou abonar o importe integro da súa reposición.

O Concello de Culleredo poderá deseñar diferentes accións formativas que repercutan no bo uso do material, na mellora do uso das instalacións e no coñecemento dos recursos técnicos cos que se traballa.

3. Queda prohibido o consumo de bebidas alcohólicas, tabaco ou alimentos dentro do local de ensaio.

4. O representante do grupo deberá facilitar ao responsable do Concello toda a información que se lle solicite para a difusión do local de ensaio ou a propia promoción do grupo .

5. Os/as usuarios/as do local de ensaio están obrigados/as a asistir ás xuntanzas de coordinación e de seguimento periódico que se convoquen dende o Concello e a realizar unha actuación anual gratuita solicitada pola Concellería.

#### **Artigo 8. Motivos para impedir o uso do local de ensaio/gravación**

1. Impedir o bo funcionamento das instalacións, tanto provocando desperfectos nas mesmas como dificultando o seu uso a certos colectivos.
2. Incumprir algúns dos requisitos contidos no artigo 7 (obrigas dos usuarios) deste regulamento.
3. Promover manifestacións musicais ou escénicas contrarias á dignidade das persoas ou grupos nos que se integran ( xenofobia, sexismo ou apoloxyía da violencia).

Culleredo, 21 de outubro de 2011

O alcalde,

Asdo: Julio Sacristán de Diego.

2011/13841